

## **Enquisa de ocupación hoteleira, estatística de ocupación no turismo rural. Decembro 2005**

### **COMUNICADO**

---

## **As pernoitas e os viaxeiros en establecementos hoteleiros e nas casas de turismo rural descenderon en decembro de 2005 con respecto a decembro de 2004**

### **Tanto o número de pernoitas como o de viaxeiros en establecementos hoteleiros descendeu en decembro de 2005 con respecto ao mesmo mes do ano anterior**

Segundo os datos da enquisa de ocupación hoteleira, o número de pernoitas nos establecementos hoteleiros, que ascendeu a 383.514, rexistrou en decembro de 2005 unha taxa de variación interanual do -4,7%. Este descenso é igual se se mide en termos de datos corrixidos de efecto calendario pois nesta serie só se corrixe o efecto da Semana Santa. No ano 2005, a variación con respecto a 2004 foi dun -3,9% que en datos corrixidos de efecto calendario se sitúa nun -3,8%.

O grao de ocupación por prazas foi dun 24,2% en decembro de 2005, o que significa un descenso do 5,1% con respecto ao de decembro de 2004. En 2005 o grao de ocupación descendeu un 5,3%.

O número de viaxeiros entrados en establecementos hoteleiros de Galicia foi de 192.105, o que supón un descenso do 2,1% con respecto aos entrados en decembro de 2004. Esta taxa de variación permanece constante se os datos se corrixen de efecto calendario. O descenso anual foi do 3,9%, descenso que en datos corrixidos de efecto calendario se sitúa nun 3,8%.

Segundo a procedencia dos viaxeiros, os residentes en España, que supuxeron un 84,4%, descenderon un 5,7% mentres que os viaxeiros residentes no resto do mundo creceron un 23,3%.



**Enquisa de ocupación hoteleira. Decembro 2005.**  
**Datos provisionais**

	Dato	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Viaxeiros entrados	192.105	-2,1%	-3,9%
Pernoitas	383.514	-4,7%	-3,9%
Grao de ocupación	24,2	-5,1%	-5,3%

**Datos corrixidos de efecto calendario**

Viaxeiros entrados		-2,1%	-3,8%
Pernoitas		-4,7%	-3,8%

FONTE: IGE, INE. Enquisa de ocupación hoteleira

**O número de pernoitas en casas de turismo rural descendeu un 14,8% e o de viaxeiros entrados un 10,7% en decembro de 2005 sobre o mesmo mes do ano anterior**

Segundo a estatística de ocupación no turismo rural, o número de pernoitas nos establecementos de turismo rural en decembro de 2005 acadou a cifra de 17.694, cunha taxa de variación interanual do -14,8%. En termos de datos corrixidos de efecto calendario, que ten en conta o número de sábados e domingos do mes, a taxa interanual de decembro de 2005 situouse no -17,5%. A variación de 2005 fronte a 2004 foi dun -1,8% que en datos corrixidos de efecto calendario se corresponde cun descenso do 0,9%.

O grao de ocupación por prazas foi dun 11,1%, cun descenso do 18,0% con respecto ao rexistrado en decembro de 2004. No conxunto de 2005 o grao de ocupación foi inferior nun 8,2% ao do ano anterior.

O número de viaxeiros entrados neste tipo de establecementos en Galicia foi un 10,7% inferior aos entrados en decembro de 2004. Este descenso é dun 14,1% se os datos se corrixen de efecto calendario. En 2005, a serie presenta un descenso do 8,8% que en datos corrixidos de efecto calendario se sitúa nun 7,9%.


Segundo a procedencia dos viaxeiros, os residentes en España supuxeron un 98,1% do total. Os galegos foron o 61,2% do total.

**Estatística de ocupación no turismo rural.  
Decembro 2005. Datos provisionais.**


	Dato	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Viaxeiros entrados	9.039	-10,7%	-8,8%
Pernoitas	17.694	-14,8%	-1,8%
Grao de ocupación	11,1	-18,0%	-8,2%
<b>Datos corrixidos de efecto calendario</b>			
Viaxeiros entrados		-14,1%	-7,9%
Pernoitas		-17,5%	-0,9%

FONTE: IGE, INE. Estatística de ocupación no turismo rural

Nos seguintes gráfico pódense observar as variación interanuais dos viaxeiros entrados e das pernoitas en ámbalas dúas estatísticas.



FONTE: IGE, INE. Enquisa de ocupación hoteleira



FONTE: IGE, INE. Estatística de ocupación no turismo rural

---

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>  
e-mail: [ige@xunta.es](mailto:ige@xunta.es)